

TERESA CLAUDIA MOURE PENA

## A capela de don Antonio García de Rajóo no templo de San Francisco de Pontevedra

A idea de uni-lo recordo entre os homes e a consecución da salvación estará moi presente desde a mentalidade baixomedieval. Este espírito, en boa medida, terá o seu reflexo en numerosas manifestacións artísticas, xa que será o principal motivo que leve ós diversos grupos sociais á promoción de obras de arte; non en van nos atopamos nun período no que a idea de ser recordado no máis acá parece ter tanto peso como a de conseguilo máis alá. A arte convértese entón nunha canle de difusión da imaxe, empregando a obra con fins propagandísticos do poder que o home pretende ofrecer buscando a permanencia na memoria dos seus contemporáneos e xeracións vindeiras, evitando así a morte social. Quizais este sentir fose o que motivou a fundación


da capela da Anunciación patrocinada por Antonio García de Rajóo no templo conventual de San Francisco de Pontevedra.

Desde a publicación no ano 1902 do amplo traballo que dedicou o erudito pontevedrés don Castro Sampedro ós *Documentos, inscripciones y monumentos para la Historia de Pontevedra*, no que o autor achega interesantes noticias sobre esta capela, incluíndo datos epigráficos e a transcripción dalgún documento de gran valor para o seu estudio, moi poucos foron os escritos, tanto antigos coma modernos, que tratan sobre esta<sup>1</sup>. Sen dedicarlle un capítulo concreto, Villamil y Castro en 1904, no contexto da súa obra xeral sobre as *Iglesias gallegas de la Edad Media*, noméaa pero non acomete o seu estudio en detalle<sup>2</sup>. Anos

máis tarde, J. E. Vega deu a luz unha monografía sobre a arte *inmaculista* na provincia de Santiago, e aínda que a referencia é bastante superficial incluíu nela unha pequena análise da capela, que completa, dalgunha forma, o coñecemento tan fragmentario que por entón se tiña desa obra<sup>3</sup>. Pola súa parte, Caamaño Martínez, na súa coñecida síntese xeral sobre a arte gótica en Galicia, introduce un breve comentario sobre a obra en cuestión, destacando nela certas particularidades sobre a súa orixe e fundación, internándose en aspectos da súa arquitectura, se ben deixa os aspectos decorativos nun segundo plano<sup>4</sup>.

Esta escaseza de estudos concretos sobre a capela, cremos que fai idónea a presentación dunha serie de documentos cunha im-

*Planta da igrexa de San Francisco de Pontevedra con indicación da capela da Anunciación (COAG, 1986: 445).*



portancia que radica en que a través da súa lectura van xurdir datos inéditos, que complementan os xa existentes sobre a súa construción; de aí o noso interese por revisalos e dálos a coñecer.

\* \* \*

A capela, aberta á nave no lado da Epístola (Fig. 1) e contigua á desaparecida de Frei Juan de Navarrete, era coñecida na súa orixe baixo a advocación de Santa Catalina, pasando a nomearse durante algún tempo como da Concepción, dos Gago, dos Rajóo, de Montenegro, de Valladares e de Leis. Tales denominacións e advocacións constitúen un breve compendio da súa historia en canto ós seus fundadores, posuidores e sucesores<sup>5</sup>.


Existe unha tradición, que considera que a capela que hoxe coñecemos non é a primitiva, senón que con anterioridade a ela existía outra construción que foi edificada nunha data bastante temperá. En efecto, a documentación conservada confirma a existencia dunha primitiva capela, hoxe desaparecida, denominada de Santa Catalina e edificada, segundo testemuño de Villa-Amil y Castro, no ano 1433<sup>6</sup>. Unha referencia indirecta vén a confirmar non só a súa existencia senón tamén a súa primitiva advocación: cando no ano 1681, con motivo das queixas xurdidas a raíz do espacio que fora destinado á capela do xeneral Juan del Castillo, reuníanse Antonio Gago de Mendoza y Sotomayor e o Padre Gardián do convento, facíase constar que con anteriori-

dade á fábrica da capela da Anunciación existía outra precedente *de la avocación de Sta. Catalina, la qual era ansi mesmo del Licenciado Gago, y lo avia sido de sus antepasados y en ella se decian las misas en su día y otras funciones; que despues que se havia echo la capilla del dicho de Antonio García que es de Nuestra Señora de la Anunciacion, se avian pasado á ella las dichas avocaciones de Nuestra Señora de la Concepción y de Santa Catalina...*<sup>7</sup>.

Era a propiedade da liñaxe dos Gago y Agulla desde a súa fundación, e así o confirma no seu testamento o licenciado Domingo Gago y Agulla<sup>8</sup>, outorgado con data de 10 de xuño de 1581, escriturado ante o notario Bartolomé García e aberto tralo seu falecemento no ano 1589, do



*A capela da Anunciación dentro do templo conventual de San Francisco de Pontevedra.*



*Capela da Anunciación. Detalle da bóveda.*



Detalle  
dunba das  
ménsulas.

codicilo do 27 de marzo dese mesmo ano, ó advertir entre as súas últimas vontades que desexaba que se reedificase a capela *que yo e mis antecesores teníamos e celebrabamos en la Iglesia y Monasterio de San Francisco... arriba de la Capilla del Corpo Santo...* con obxecto de levantar unha nova baixo a advocación da Concepción, para o cal era necesario *se derrotasen las dos capillas que alli tenia*<sup>9</sup>. Descoñecemos cá era o motivo polo que se ordenaba a súa demolición; se cadra porque o seu estado de conservación fora deficiente, ou porque non cumpría coas necesidades que se lle esixían por ser demasiado exígua, ou acaso por ambas ou outras razóns. Tódolos indicios levan a pensarmos que o antedito Domingo Gago procurou en vida unha ca-

pela funeraria. Segundo recolle o seu certificado das últimas vontades, expresou o seu desexo de ser inhumado *dentro de la capilla que el y Antonio Garcia de Rajoo tenían diputada, y la comenzaron á hazer en el Monasterio de San Francisco*<sup>10</sup>. Con este documento, parece evidente que a obra se atopaba vinculada a outro membro da familia: Antonio García Rajóo, cuñado de Domingo Gago, que despois da morte deste último se faría cargo da construción, continuando desta maneira o labor que comezara o defunto<sup>11</sup>. Xa falecido en Pontevedra o día 5 de outubro de 1589, carecemos de noticias ó respecto da súa posible inhumación na mesma capela, xunto á súa esposa, de acordo coa súa disposición testamentaria; de feito, non se conserva resto ningún do seu enterramen-

to, e a falta de documentos escritos débese engadi-la ausencia de calquera evidencia epigráfica que permita confirmalo.

Sabemos que Antonio García de Rajóo xa deixara de existir a principios de 1588. No seu certificado de últimas vontades, outorgado con anterioridade á morte de Domingo Gago, do que se conservan algunhas cláusulas, atópase a confirmación de que como patrocinador da capela ordenara que *enterrasen sus huesos, los de su hermana Petrona García y sus hijos, y los de Cathalina Alonso, mujer del Testador, junto con los de su padre y madre*. Así mesmo, Antonio García estipulaba o inicio das obras no convento e o seu remate, advertindo que a capela debía comezarse inmediatamente despois do seu falecemento, de forma que *en dos años estuviese*



*Outra das  
ménsulas da  
capela da  
Anunciación.*

*acabada*. No testamento especifica ademais que trala súa morte, e para o seu mantemento, doaba *todos mis bienes á la dicha capilla de nuestra Señora de la Anunciación, á la cual deixo, y nombro e instituyo por mi universal heredera en todos mis bienes*<sup>12</sup>.

Da documentación conservada pode deducirse que a construción da capela debeu comezar a formularse desde o mes de xuño de 1588, xa que é nese preciso momento onde podemos inscribi-la redacción do contrato de obras que localizamos. Segundo se fai constar nese documento –estipulado ante o cumpridor do testamento de Antonio García de Rajóo e o licenciado Gago con data de trece de abril de 1588, escriturado ante o notario Bartolomé García–, a edificación da capela recaería sobre o mes-

tre Pedro González, canteiro veciño da vila de Redondela, que se comprometería a acomete-la obra *bista la traça que le fue mostrada y las mas condiciones que para la dicha obra y remate della están fechas*<sup>13</sup>. Para o deseño da capela e a realización da traza acudiron ó reputado arquitecto portugués Mateo López<sup>14</sup>, que xa desde o ano 1566 traballaba en Pontevedra nas empresas edilicias máis relevantes que se estaban levando a cabo por entón na vila, e que precisamente neste mesmo ano se atopaba á fronte das obras do mosteiro de Poio<sup>15</sup>. En efecto, un ano antes encargáraselle ó citado mestre a realización de *la traça y moldura, así como las condiciones conque se an de rematar y azer la dicha capilla*, estando presentes o licenciado Gago e Lope de Fraga<sup>16</sup>. As con-

dicións do documento interesan especialmente, xa que proporcionan datos detallados sobre o deseño a realizar e as medidas de cada unha das súas estruturas, sinalando puntualmente a súa decoración e estipulando tamén a entrega e condicións de pago.

Centrándonos nas condicións do proxecto en si, a capela deseñada polo mestre Mateo López e que se lle encarga ó mestre Pedro González no templo de San Francisco había de ser *abovedada por ençima e çinco crabes fundada sobre quatro rrepisas que tendran quatro medallas bien hechas y de buena mano y las crabes con sus florones colgantes abajo la crabe mayor tendra quatro serafines demas del colgante y los cruceros terçetes formas con sus molduras pocas y bien ordenadas y los endientes*





*Ménsula.  
Detalle.*



*Detalle  
doutra das  
ménsulas  
da capela.*



*Imaxe de Deus Pai  
que preside o acceso  
á capela.*

*llanos y bien escodados y juntos a de aver un arco en la pared que agora esta en el dicho monasterio que tenga diez y ocho pies de largo y treynta de alto con sus baças pilares capiteles alquitra- bes friso y cornisa frontispicio y dentro del frontispicio un escudo con las armas que le fueren senaladas y con una moldura pequena por la esquina del arco con sus medallas a los lados como en la traza se demuestra.*

Tamén se teñen en conta as dimensións, e por esta razón lle advirte ó mestre que *a de ser de altura de los cimientos arriba de quarenta palmos con su entablamiento alrededor y tendrá una gula y un quadrado debaxo de la gula como en la traza se demuestra abra dos lunbreras o friestras que tendran de lus de ancho palmo y medio y de alto diez palmos y rrasgadas por la*

*parte de dentro y por la parte de fuera de cada una de las bandas palmo y medio de manera que den muy buena lus.*

Da lectura do contrato firmado co mestre Pedro González advertimos unha serie de modificacións respecto ás condicións iniciais no que se refire á ornamentación da bóveda. En efecto, se ben nas estipulacións se sinalaba a obrigación de dispoñer na clave a representación de catro serafíns ademais dun colgante seguindo a traza que se lles entregara, co contrato especificábase puntualmente que dita clave debería decorarse agora *con otro escudo con las armas que le fuesen senaladas*. Do mesmo xeito, altéranse as dimensións da capela e advírteselle ó mestre que esta debe ter *dos pies de mas anchor de lo que muestra la dicha traza*.

Ó redor de principios do mes de xuño de 1589 as obras da capela posiblemente xa estaban rematadas, dado que nunha carta de pago datada o día 6 de xuño dese mesmo ano e expedida a nome do mestre Pedro González, este declara *aver resçibido de Lope de Fraga conplidor del testamento de Antonio García beynte e çinco ducados demas e allende delos que tiene resçibidos de antes de agora para en pago de lo que monta la obra de la capilla de san Francisco que le está rematada*<sup>7</sup>.

A edificación quedou finalmente concluída para servir como capela funeraria consagrada á Anunciación. Á marxe das reformas posteriores, a obra, dunha gran sinxeleza estrutural, obedece por enteiro a unha tipoloxía plenamente renacentista (Fig. 2): de planta rectangular cuberta por



*Inscripción á  
entrada da  
capela.*

unha bóveda de cruceira estrelada, de nervios de perfil triangular a base de molduras cóncavas (Fig. 3), que descansan sobre ménsulas semicirculares decoradas con bustos; dous masculinos e dous femininos (Figs. 4-7). Catro das claves da bóveda decóranse con floróns, mentres que na central se dispón o escudo dos Gago y Agulla (Fig. 10). A capela comunica coa nave por medio dun grande arco de medio punto flanqueado por dúas pilstras de bo tamaño, que sosteñen un frontón. Unha sinxela configuración arquitectónica que volveremos a atopar, adoptando as mesmas solucións arquitectónicas, nunha das capelas funerarias do templo conventual de San Francisco de Betanzos. Sobre o frontón aparece representado o Pai Eterno en actitude de bendicir coa man dereita, mentres coa

esquerda sostén o mundo. Complementary esta imaxe con dous medallóns nas unións do arco nos que, segundo Vega, se representaría a dous evanxelistas<sup>18</sup>.

A imaxe de Deus Pai no alto (Fig. 8) reforzaría a idea de maternidade divina da Virxe. Segundo testemuños literarios de principios do século XX<sup>19</sup>, nas xambas aparecería o tema da Anunciación, hoxe perdido: as figuras dispúñanse sobre peñas; a da Virxe nunha das xambas e a do arcanxo San Gabriel na outra. Os testemuños documentais referidos ás condicións do proxecto de obra e o contrato co mestre Pedro González non fan alusión ningunha a estas dúas imaxes ó describi-lo programa iconográfico que debía distribuírse na capela; iso lévanos a presentala hipótese de que ambas puideran pertencer ó programa da primiti-

va fábrica e que se volveran empregar con posterioridade. Na xamba dereita do arco de ingreso dispónse unha inscrición en latín que reza (Fig. 9):

DIMITE ME DOMINE  
VT PLANGAM PAV  
LVLVM PECCATVN  
MEVM ANTEQVAM VAA  
DAM

Trátase dun epígrafe de estilo harmonioso, con certo ritmo poético, que contén unha súplica que evoca o fragmento dalgún himno litúrxico da época baseado no *Libro de Job*. Consideremos que a morte infunde medo e inseguridade, e o ser humano aspirará a evitalos mediante unha serie interminable de recursos que o fagan impermeable a calquera temor. A morte sempre foi un fenómeno non por natural menos inquietante; por iso, a inscrición





*Escudo coas  
armas dos  
Agulla, Figueroa  
e Gago que  
coroa a bóveda  
de crucería da  
capela.*

acolle un xesto de súplica en plena entrada da capela funeraria: procura a eficacia da oración e o logro da protección que asegure o descanso da alma. O promotor da obra, pola súa condición humana de pecador, séntese débil e coñecedor do seu ciclo vital, uns aspectos daquela alimentados polos estragos das pestes e os retrocesos demográficos.<sup>20</sup> A presenza dos referentes heráldicos mantén vivo o recordo do comitente, tal como era o seu desexo, e acredítalle nos tempos vindeiros como promotor da obra. Así o demostra o emblema dos Gago y Agulla disposto na clave da bóveda (Fig. 10): cortado e medio partido, na parte superior; á destra, cinco agullas de ouro postas no pao e colocadas en faixa; no flanco sinistro, as cinco follas de figueira colocadas en aspa dos Figueroa; na

parte inferior, o emblema dos Gago<sup>21</sup>: unha ponte ameada<sup>22</sup> de cinco ollos sobre o que se eleva no flanco destro unha torre<sup>23</sup>, e un brazo nacente do flanco sinistro que empuña dúas chaves. Sampedro sinalaba a posibilidade de que este escudo fose colocado con posterioridade por algún membro da familia Gago en reparación do agravio cometido por Antonio García ó desmemoria-lo labor de patrocinio de Domingo Gago. En efecto, os testemuños documentais confirman que o escudo actual non se corresponde co sinalado no contrato de obra, xa que un preito xurdido ó pouco de terse construído a capela fai referencia a un primitivo brasón, clave da bóveda, coas armas de Rajóo<sup>24</sup>. Como vemos, o desexo de ser atestiguado nos tempos vindeiros como promotor das obras a

través de epígrafes e brasóns seralle negado a Domingo Gago. Descoñecémo-lo motivo. Polo tanto, o escudo que adorna a bóveda, e que pola súa posición alude ó seu patrocinio, débese entender como unha reivindicación para evita-la *damnatio memoriae*, á vez que o consignaría de cara á posteridade como promotor á marxe das reformas posteriores.

Ó testemuño heráldico súmase o valor do documento epigráfico, neste caso de Antonio García de Rajóo, que así o fai constar. Esta certificación de promoción aparece gravada na propia obra. En efecto, localizada no lenzo occidental da capela pódese ler (Fig. 11):

ANTONIO GARCIA DE RÁIOO  
FVNDI I DOTO ESTA CAPILLA  
CON OBLIGACION DE TRES MISAS  
EN CADA SEMANA. AÑO. 1590



*Inscripción de don  
Antonio García  
de Rajóo no  
lenzo occidental  
da capela.*

Este epígrafe ratifica que Antonio García de Rajóo patrocinou a construción da capela.

Tanto Domingo Gago coma Antonio García de Rajóo adquiriron o dereito de enterramento para eles e para a súa liñaxe na capela. Como consecuencia diso, a partir da súa morte varios van se-los membros da súa estirpe que decidirán ser inhumados no lugar. Así, a mediados do século XVII o espazo interior verase profundamente modificado cando Antonio Gago de Figueroa, neto do fundador Domingo Gago y Agulla, decide instalar alí a súa sepultura e a da súa esposa. O seu sepulcro, moi sinxelo, dispúxose aberto no

lenzo sur baixo un pequeno arco arrodado de toda unha serie de referentes heráldicos alusivos á súa liñaxe. Anos máis tarde, o seu fillo Antonio Gago Mendoza Sotomayor y Montenegro escolleu tamén este lugar para a súa sepultura e a da súa esposa<sup>25</sup>. O seu enterramento foi concibido para ocupar unha posición privilexiada ante o altar; para iso tiveron que efectuarse labores de remodelación coa finalidade de permiti-la disposición dun gran sepulcro que comprende todo o ancho do lenzo occidental, deixando testemuño da súa promoción a través dos epígrafes e brasóns situados sobre o sepulcro.

Polo tanto, pódese concluír que a edificación da Capela da Anunciación respondería ó desexo de empregar-la obra de arte con fins propagandísticos, como unha canle de duración na memoria dos seus contemporáneos e das xeracións vindeiras. É unha obra de devoción, pero ó mesmo tempo de manifestación do poder dos Gago y Agulla e dos Rajóo, que non descoñaron o recurso ós recordatorios da súa persoa, condición e liñaxe, aspectos nos que tanta importancia cobran os referentes heráldicos e epigráficos. Trátase en definitiva dun afán de prestixio, aínda que a iso se sume a vertente de devoción.

## APÉNDICE DOCUMENTAL

### DOCUMENTO I

Condições que amosaron ós oficiais para a construción da capela de don Antonio García de Rajóo no templo conventual de San Francisco de Pontevedra.

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Sección Protocolos Notariais/Pontevedra. Protocolo de Bartolomé García. Protocolo notarial nº 872.

*Las condiciones con que se a de rematar esta obra son las siguientes se a de azer una capilla en el monasterio de San Francisco abajo del Espiritu Santo para la parte del mar a donde le fuere señalado de grandor y anchor conbiene a saver de largo veynte pies entre paredes y de ancho catorce pies todo en hueco y ansi obra mas el grosor de las paredes que an de ser y cada una dellas de tres pies y mas los estribos de la manera que estan señalados en la planta con sus simyentos bien fixos en lo firme de la tierra y de grosor mas que las paredes para que puedan azer su (...) alrededor y estas paredes an de ser de muy buena silleria bien junta y labrada y escodada ansi de la parte de fuera como de la parte de dentro y a de ser de altura de los cimientos arriba de quarenta palmos con su entablamiento alrededor y tendran una gula y un cuadrado devaxo de la gula como en la traça se demuestra abra dos lunbreras o friestras que tendran de lus de ancho palmo y medio y de alto diez palmos y rrasgadas para la parte de dentro y por la parte de fuera de cada una de las bandas de palmo y medio de manera que den muy buena lus y echas de su silleria como lo demas/*

*A de ser esta capilla abovedada por encima de cinco crabes dundada sobre quatro mrepisas que tendran quatro medallas bien echas y de buena mano y las crabes con sus florones colgantes abajo la crabe mayor tendra quatro serafines demas del colgante y los cruceros terçeleles formas con sus molduras pocas y bien ordenadas y los prendientes llanos y bien escodados y juntos a de aver un arco en la pared que agora esta en el dicho monesterio que tenga diez y ocho pies de latrgo y treynta de alto con sus baças pilares capiteles alquitrabes friso y cornisa frontispicio y*

*dentro del frontispicio un escudo con las ramas que le fueren señaladas y con una moldura pequena por la esquina del arco con sus medallas a los lados como en la traza se muestra/*

*Y toda esta obra a de ser bien echa y bien labrada y bien asentada y de muy buena piedra a plomo y nivel toda bien echa y acabada –lo que toca a la canteria-/*

*Ya de ser asentada con argamasa de cal y arena terçada por esta orden para la fovasion cinco partes de arena y dos de cal y para la silleria y piedra labrada tanta cal como arena- la madera y los materiales que fueren nesçesarios los ha de poner el maestro en quyen se rematare y el dinero se le dara lo que pydyera en quatro pagas.*

*Firma el licenciado Gago.*

*Yten es condiçion quel ofiçal y persona en quyen se rrematare la dicha obra la an de dar fecha e puesta en perfeçion a su costa ponyendo para ella todos los materiales nesçeçarios y maderas para las estadas- y dentro de un ano la dara fenesçida y acabada y le pagaran en presçio en que se rrematare ante estas condiçiones. Lope de Fraga / Vartolome Garcia.*

*Yten hes condiçion quel maestro y persona en quyen la dicha obra se rematare a de azerla de manera que dexe la pared del dicho monesterio segura y de la manera questa y de tal manera que por razon de la dicha obra no resçiba la dicha pared y bedifiçion del monesterio dano y sy lo rresçibiase quel tal maestro lo pagara de sus bienes y dara firmeças para ello y para lo demas contenido en estas condiçiones. Lope de Fraga / Vartolome Garcia.*

### DOCUMENTO II

Pontevedra, 13, xullo, 1588.

Concerto para a construción da capela de don Antonio García de Rajóo no templo conventual de San Francisco de Pontevedra entre o canteiro Pedro Gonzalez e o licenciado Aria Gago de Figueroa.

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Protocolos Notariais/Pontevedra. Protocolo de Bartolomé García. Protocolo notarial núm. 872. *En la villa de Ponntbedra a treze dias del mes de jullyo del ano de myll e quinientos y ochenta y ocho anos ante mi el escrivano publico e los tes-*

*tigos aquí contenidos Lope de Fraga bezino desta billa complidor del testamento de Antonio Garcia de rajoo y el licenciado Gago en derecho y como procurador del licenciado Arias Gago de Figueroa su hijo rretor del colegio de Cuenca de la Unyversidad de salamanca usando del poder que del tiene dixeron que por quanto el dicho Antonio Garcia de Rajoo abia mandado se biziese una capilla en el monasterio de San Francisco desta villa ssegúnse contiene en su testamento y se abian puestas cedulas y fecho otras diligencias para que qualquiera maestro que quysyese tomar la dicha obra se bynyese obligado a azerla y no allado persona que la pusiese en postura syno Pedro Gonçales cantero bezino de la billa de Redondela questa presente el qual bista la traça que le fue mostrada y las mas condiciones que para la dicha obra y remate della estan fechas ante mi escrivano puso en postura la dicha obra en presçio de quatro çentos y ochenta ducados y ellos aceptando su postura la rremataron en el –por ende que agora hefetuaran todo lo susodicho remataba y remataron la dicha obra en el dicho presçio en el dicho Pedro Gonçales y el dicho Pedro Gonçales questa presente lo azepto y se obligo con su persona y bienes abidos e por aver y obligando como dixo obligaba y obligo las personas y bienes María Cereija su mujer e Payo Rodriguez y Bastián Lorenço bezinos de la dicha villa de Redondela sus fiadores y a Pedro Rodriguez escrivano abonador de los sobredichos e cada uno dellos conforme al poder que dellos tiene y que entrego a mi escrivano del dicho Pedro Rodriguez escrivano del qual unsando se obligo y a los dichos sus fiadores y abonados y a sus bienes que en la dicha capilla conforme a la dicha traça que le fue mostrada questa en poder de mi escrivano con dos pies de mas anchor de lo que muestra la dicha traça y el escudo grande que a de estar sobre el arco grande sera con las armas que le fueren señaladas y conforme a la muestra que le fuere dada y de la mesma manera otro escudo en la clabe mayor –la qual dicha obra ara segura y de buena pared de silleria conforme a la dicha traça y condiçiones- y que luego començara la dicha obra y traera en*

ella continuamente quatro ofiçiales y no alçara mano della asta acabar-la- y los dichos licenciados Gago y Lope de Fraga se obligaron con la persona y bienes del dicho licenciado Arias Gago de Figueroa de dar y pagar al dicho Pedro Gonçales y a quyen su poder ubiere por la dicha obra los dichos quatroçentos y ochenta ducados para en pago de los quales le daran luego çinquenta ducados y lo mas se lo yra pagando el dicho Lope de Fraga como la dicha obra se fuere aziendo de tal manera que acababa la obra le acabaran de azer la paga de los dichos quatro çentros y ochenta ducados los cuales dichos dineros todos el dicho Lope de Fraga como tal testamentaryo se

obliga que lo pagara al dicho maestro de los bienes del dicho difunto y de los dicho Arias Gago conforme al poder que del tiene el y el dicho licenciado Gago/

Y bes condiçion quel dicho Pedro Gonçales a de azer la dicha obra segura y fuerte y de tal manera que si tubiere alguna falta e quyebra o abryere o si alçare la mano de la dicha obra antes de acabarla que los dichos licenciado Gago y Lope da Fraga puedan tomar maestros y ofiçiales que a su costa la acaben y fenescan y seguren de manera que no aya falta y ansy mesmo bes condiçion que a de poner el dicho Pedro Gonçalez cal y madera y todo lo mas necesario para azer la dicha obra y

asegurar el monesterio y que cada bez que por el dicho Lope de Fraga y licenciado Gago les fuere pedido que renuebe las dichas fianças lo ara- y todas partes se obligaron de conplir esta scritura e contrato e pedreira y dieron piedras las justiçias ante quyen paresçere esta scritura que les agan conplir lo aquy contenido por todo rrigor de justiçia para que se lo hagan conplir como por sentençia definitiva de juez competente pena de ser conpelido y executado por todo rigor de justicia de lo qual otorgaron esta scritura e forma y lo firmaron de sus nombres prentes por testigos. El Licenciado Gago. Lope de Fraga. Pedro Gonzalez. Paso ante mi Vartolome Garcia.

## NOTAS

\* Debo agradecer, en primeiro lugar, a inestimable axuda de D. Antonio de la Peña Santos, polos seus acertados consellos e polo seu constante interese na evolución do traballo, así como polo entusiasmo demostrado no labor fotográfico.

1. Sampedro Folgar, 1902: 365-375.
2. Villa-Amil y Castro, 1904: 187-188.
3. Vega, 1954: 341-343.
4. Caamaño Martínez, 1962: 154-155.
5. Sampedro Folgar, 1902: 365-366; Vega, 1954: 342.
6. Villa-Amil y Castro, 1904: 187.
7. Sampedro Folgar, 1902: 374.
8. Os datos sobre este personaxe e a súa vida son bastante escasos. Véxase Crespo Pozo, 1965, II: 2-3.
9. Sampedro Folgar, 1902: 307-371.
10. Cfr. *Ibidem*.
11. Crespo Pozo, 1965, II: 2-3.
12. Sampedro Folgar, 1902: 369.
13. O orixinal documento atópase no Arquivo Histórico de Pontevedra. Sección Protocolos Notariais/Pontevedra. Protocolo de Bartolomé García. Protocolo notarial núm. 872. Citado por: Zurrón Ocio, 1987, II: 555.
14. Nunha carta de pago conservada no Arquivo Histórico consta o seguinte: *Digo yo Mateu Lopez maestro de cantería que resciby de bos Lopes de Fraga dos ducados por la traça y moldura que bos yze para la capilla que mando azer Antonio Garcia de Rajo y por las condiciones que yze con que se an de rematar y azer la dicha capilla y lo firmo en Pontevedra a veynte y seys días de febrero de ochenta y siete anos.* Cfr. Zurrón Ocio, 1987, II: 536, 548.
15. Mateo López chega a Pontevedra a mediados de século e permanece nesta

cidade ata principios do seguinte, sendo durante estes anos o eixe rector da arquitectura pontevedresa. É, pois, un máis deses artistas foráneos que ó longo da Idade Moderna acoden a Galicia, chamados polas comunidades relixiosas ou atraídos pola grande actividade artística do momento. Foi protagonista de numerosos traballos de importante magnitude emprendidos tanto en Pontevedra coma fóra desta. Dentro do primeiro grupo destaca a actividade desenvolvida no mosteiro de Poio, na ponte do Burgo, en Santa María a Maior, en San Salvador de Lérez, na capela da Virxe do Camiño e na nova igrexa parroquial de Santa María de Alba. Correspondente ó segundo grupo –é dicir, fóra de Pontevedra–, centrará a súa actividade en terras de Santiago, onde se constata o seu selo en diversas obras, entre elas as do Hospital Xeral, do mosteiro de San Martiño Pinario, do Colexio de San Xerónimo e do mosteiro de San Paio de Anteaaltares. Sobre este mestre e a súa actividade véxanse Pérez Costanti, 1930: 333-337; Bonet Correa, 1984: 101-115; Vila Jato, 1991: 331-338; Goy Diz, 1994.

16. Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Sección Protocolos Notariais/Pontevedra. Protocolo de Bartolomé García. Protocolo notarial núm. 872. Citado por Zurrón Ocio, 1987: 540.
17. Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Sección Protocolos Notariais/Pontevedra. Protocolo de Bartolomé García. Protocolo núm. 872.
18. Vega, 1954: 343.
19. Sampedro Folgar, 1902: 367; Villa-Amil y Castro, 1904: 188; Filgueira Valverde, 1931: 98.

20. Sampedro Folgar (1902:365) xa sinalou que o epígrafe estaba composto sobre os versículos 20 e 21 do capítulo X do *Libro de Job*. Non sería absurdo poñelo en certa relación co ambiente de pánico xeneralizado por estas datas, a causa das sucesivas e devastadoras crises de subsistencia e epidemias de peste que asolaban Galicia en xeral, e Pontevedra en particular (Peña Santos, *Juega Puig e López de Guereñu Polán*, 1996: 137-142).

21. Crespo Pozo, 1965: 2-6; Messía de la Cerda Pita, 1989: 190-192, 200-203, 224-227.

22. Tal vez non se trate en realidade dunha ponte coroada por ameas senón dun problema de perspectiva. De estar no certo, a composición organizárase en tres planos: no primeiro a ponte, no segundo termo a muralla da cidade coas súas ameas e no terceiro a torre e a man coas chaves.

23. É interesante sinala-las indubidables semellanzas que amosa este deseño co coñecido rexistro da contraportada da basílica de Santa María a Maior, que se vén tendo pola primeira *vista* da cidade de Pontevedra. Ambos relevos presentan, entre outros detalles, unha torre de corpos coroados por ameas pentagonais rematada por un tellado pequeno aparentemente abovedado (Juega Puig, Peña Santos e Sotelo Resurrección, 1995: 81-82).

24. Sampedro Folgar, 1902: 373.

25. Sampedro Folgar, 1902: 375-381; Chamoso Lamas, 1979: 163.



## BIBLIOGRAFÍA

- Armas Castro, J.** (1992): *Pontevedra en los siglos XII a XV. Configuración y desarrollo de una villa marinera en la Galicia medieval*. Fundación P. Barrié de la Maza, col. "Galicia Histórica". Pontevedra, Artes Gráficas Portela, 1992.
- Bonet Correa, A.** (1984): *La arquitectura en Galicia durante el s. XVII*. Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1984.
- Caamaño Martínez, J. M.** (1962): *Contribución al estudio del Gótico en Galicia (Diócesis de Santiago)*. Valladolid, Universidade, 1962.
- Castro, Fr. M. de** (1961): "Virtualidad histórica de la provincia franciscana de Santiago, y su influencia en la cultura gallega". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 50. Santiago de Compostela, 1961, pp. 300-338.
- Chamoso Lamas, M.** (1979): *Escultura funeraria en Galicia*. Ourense, Instituto de Estudios Orensanos P. Feijoo, 1979.
- COAG** (1986): *Arquitectura gótica en Galicia. Los templos: catálogo gráfico*. Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1986.
- Couselo Bouzas, J.** (1932): *Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX*. Santiago de Compostela, 1932.
- Crespo Pozo, J. S.** (1965): *Blasones y linajes de Galicia*. Vol. II, Parte xenealóxica. Santiago de Compostela, Ed. de los Bibliófilos Gallegos, 1965.
- Curioso, Un** (1984): *Guía General de la provincia de Pontevedra*. Pontevedra, Imprenta La Teucrino, 1984.
- Fariña Busto, F. e Fraga Sampedro, D.** (2000): *O convento de San Francisco de Ourense*. Guías do Patrimonio Cultural, 6. Ourense, Fundación Caixa Galicia, 2000.
- Filgueira Valverde, J.** (1931): *Guía de Pontevedra*. Pontevedra, Ed. Álvarez Gallego, 1931.
- Fortes Bouzán, J.** (1993): *Historia de la ciudad de Pontevedra*. A Coruña, Ed. La Voz de Galicia, 1993.
- Fraga Sampedro, M<sup>a</sup> D.** (1996): *Arquitectura de los frailes menores conventuales en la Edad Media gallega, ss. XIII-XV*. Barcelona, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 1996.
- Gómez González, Fr. J.** (1954): "Las Cofradías de la Concepción en la provincia franciscana de Santiago". *Liceo Franciscano*, 19-21, II época, 1954, pp. 274-277.
- Goy Diz, A.** (1994): "Mateo López y su interpretación de los modelos clasicistas". *Clásicos en el Arte Español*. Madrid, 1994.
- Juega Puig, J.; Peña Santos, A. de la; Sotelo Resurrección, E.** (1995): *Pontevedra, villa amurallada*. Deputación Provincial de Pontevedra, Vigo, Artes Gráficas Vicus, 1995.
- Laredo Verdejo, X. L.** (1983): *Galicia Enteira*, vol. 6. Vigo, Ed. Xerais de Galicia, 1983.
- Manso Porto, C.** (1990): "Los orígenes de la tipología de la iglesia franciscana gallega del s. XIV". *Goya*, 214. Madrid, 1990, pp. 225-230.
- (1990, a): "La arquitectura medieval de la orden de predicadores en Galicia". *Archivo Dominicano*, XI. Salamanca, 1990, pp. 5-67.
- Messía de la Cerda Pita, F. J.** (1989): *Heráldica. Escudos de armas labrados en piedra existentes en la zona monumental de Pontevedra*. Pontevedra, Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, 1989.
- Peña Santos, A. de la; Juega Puig, J. e López de Guereñu Polán, L.** (1996): *Historia de Pontevedra*. A Coruña, Ed. Vía Láctea, 1996.
- Pérez Costanti, P.** (1930): *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI e XVII*. Santiago de Compostela, 1930.
- Rodríguez-Fráiz Gil, A.** (1954): "San Francisco de Pontevedra". *Spes*, 238. Pontevedra, outubro de 1954, pp. 9-10.
- [Sampedro Folgar, C.]** (1902): *Documentos, inscripciones, monumentos, extractos de manuscritos, tradiciones, noticias, etc., para la*

- Historia de Pontevedra*. Vol. II. Sociedad Arqueológica de Pontevedra. Pontevedra, Tipografía de Joaquín Poza Covas, 1902.
- Vega, J. E.** (1954): "Vestigios de arte immaculista en la provincia de Santiago". *Liceo Franciscano*, 19-21, IIª época. Santiago de Compostela, 1954, pp. 341-343.
- Vieira Durán, J.** (1952): "La vida religiosa en Pontevedra. San Francisco, antes y después de la residencia franciscana". *Spes*, 214. Pontevedra, outubro de 1952, pp. 18-21.
- Vila Jato, Mª D.** (1991): "Sobre el Renacimiento en Galicia. Mateo López y la arquitectura clasicista". *Jornadas Nacionais del Renacimiento Español. Príncipe de Viana*, 1991, pp. 331-338.
- Villa-Amil y Castro, J.** (1904): *Iglesias gallegas de la Edad Media*. Madrid, 1904.
- Zurrón Ocio, Mª L.** (1987): *Artistas que trabajaron en Pontevedra en la segunda mitad del siglo XVI*. Teses de Licenciatura. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela, 1987. Inédita.